

BANDO

D. Carlos Ladra Brage, Alcalde do Concello de Cabanas, en cumprimento do establecido no artigo 21.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

FAI SABER QUE:

Cabanas, do mesmo xeito que moitos dos municipios de Galicia, actualmente atópase nunha situación preocupante de fronte ao abastecemento de auga nas próximas datas.

A falta de precipitacións, está xerando unha situación de alarma en canto ao abastecemento de auga na localidade. A actual tendencia de consumo e a escaseza de choivas poderían levarnos a unha situación que nos obrigaría a realizar importantes restricións na subministración.

O Concello de Cabanas decidiu como medidas preventivas o peche das duchas na praia da Madalena así como de fontes públicas.

Solicito a máxima colaboración dos veciños e veciñas facendo un uso responsable da auga potable, e solicitando tómense estas medidas:

- **TER ESPECIAL COIDADADO NA DETECCIÓN DE FUGAS E AVARIÁS**
- **PROHÍBESE O USO DE AUGA POTABLE PARA ENCHIDO DE PISCINAS, REGAS, BALDEOS, LIMPEZA DE FACHADAS E VEHÍCULOS, ETC...**
- **TOMAR MEDIDAS QUE SUPOÑAN UN AFORRO DOS ESCASOS RECURSOS DISPOÑIBLES NAS VIVENDAS.**
- **INSTAR ÁS EMPRESAS E INDUSTRIAS A MINIMIZAR O CONSUMO E A UN USO RAZOABLE DA AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL, TENDO EN CONTA QUE O USO PRIORITARIO É O DO ABASTECIMENTO Á POBOACIÓN.**

Por iso, quero facer un chamamento aos veciños e veciñas para que entre todos consigamos atenuar no posible esta situación, **REALIZANDO UNHA UTILIZACIÓN RESPONSABLE E SOSTIBLE DA AUGA**, e tomando conciencia de que estamos ante un grave problema de escaseza dun ben indispensable.

O que se fai publico para o seu coñecemento e debido cumprimento.

Cabanas 2 de agosto de 2022
O Alcalde,
Carlos Ladra Brage

